

Nove Dous teatro abre este sábado a mostra de teatro Roberto Vidal Bolaño en Gondomar.

Escrito por VM

Xoves, 25 Outubro 2007 09:45



O grupo de teatro ourensán Nove Dous Teatro será o encargado de abrir un ano máis a Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar. Este sábado 27 de outubro ábrese a mostra coa comedia *Fóra de Xogo* de Novedous Teatro.

Polo escenario do Lois Tobío pasaran este ano grupos como Skene, Lagarta Lagarta, Teatro de Ningures, Nut teatro que achegaran principalmente obras do xénero da comedia. O grupo do IES de Gondomar, Vichelocrego será o encargado de pechar a mostra o primeiro de nadal.

As representacións teatrais terán lugar todos os sábados ata o 1 de nadal no auditorio Lois Tobío de Gondomar. O horario será ás 22:30h e custe da entrada é de tres euros.

Fóra de Xogo □

Vale, si. De acordo: o fútbol é o espectáculo do noso tempo. Non hai ningún outro fenómeno social que deixe as rúas desertas, que mobilice tanto ás masas, que axude a sublimar frustracións ou a evadirse da realidade...Vale. O.K. Pero nós somos actores, ¿sabes? Facemos teatro e tamén aspiramos, de vez en cando, a pór en sociedade algunha emoción colectiva. Que nos encanta meter goles, vaia.

É máis: encantaríanos que “Fóra de xogo” fose un gol ao bocexo, un encontro trepidante e divertido cos teatreiros de hoxe. Servando e a súa “troupe” teñen tan claro que non poden mudar a súa vida que deciden tomala con deportividade. Por iso, aínda que leven alma de traxedia e se reboten porque ninguén lles fai caso, acaban comendo a bola e parindo unha comedia redonda coma un balón.

Son saltimbanquis do século XXI, uns cómicos precarios que loitan en furgoneta contra a Liga, a UEFA e a Champions League. Pero o combate é incruento. Hai que estudar ao rival e tomalo con filosofía. Xa o dicía Albert Camus, ex gardameta e escritor: “o fútbol é unha fotocopia reducida da vida e o rectángulo de xogo un mundo tamaño chaveiro.” Case nada...

Por iso estes sufridos intérpretes de “Edipo” ábreanse con humor ao deporte rei e poñen fronte a ti este suxestivo enredo. Adiante, amigo, o espectáculo está a punto de comezar! Comeza a diversión. Prohibido bocexar. Érguese o telón: túa, miña, cabeciña e gol!

Nove Dous teatro abre este sábado a mostra de teatro Roberto Vidal Bolaño en Gondomar.

Escrito por VM

Xoves, 25 Outubro 2007 09:45

AUTOR E DIRECTOR : Maxi Rodríguez

REPARTO : Marián Bañobre, Jouse García, Lois Soaxe e Santiago Cortegoso.

TRADUCCIÓN : Clara Vázquez

ILUMINACIÓN : Novedous

TÉCNICO DE LUZ E SON : David Varela

DESEÑO VESTIARIO : Xosé M. Mouriño

GRAVACIÓN : Mafia Records

DISTRIBUCIÓN : Josi Lage

DESEÑO GRÁFICO : Somos

AGRADECIMENTOS : Área de Cultura do Concello do Carballiño, Concello de Vilamarín, Arteficción, Carmen González, Plácido Lage.